Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de xaniero de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO TERCEIRO.- DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DO ALLEAMENTO DE 6 PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO SECTOR S-09 RAÍCES- BIDUÍDO DESTINADAS A VIVENDA PROTEXIDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA CONCERTADA.-**

A continuación dáse conta do expediente de licitación do **"Alleamento de 6 parcelas de titularidade municipal do Sector S-09 Raíces-Biduído destinadas a vivenda protexida de promoción pública concertada"**.

O devandito expediente de licitación foi aprobado pola Xunta de Goberno Local correspondente ao día 16 de novembro de 2017, publicándose o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de data 23 de novembro de 2017. Na mesma data tamén se publicou o anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ames.

Considerando que unha vez transcorrido o prazo de 26 días naturais establecido para a presentación de ofertas non foi presentada ningunha proposta, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), acorda:

Primeiro.- Declarar deserta a licitación do **Alleamento de 6 parcelas de titularidade municipal do Sector S-09 Raíces-Biduído destinadas a vivenda protexida de promoción pública concertada.**

Segundo.- Dar publicidade ao referido acordo mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Ames."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a doce de xaneiro de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925